



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTECINCO DE ABRIL DE DOUS MIL ONCE.

NÚM. 04/2011

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. José María García Rivera.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D^a Ana A. Incera Ares. D^a Elsa Otero Otero. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D^a Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D^a. María Xosefa Alonso Otero.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA</u> D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:10 horas do vintecinco de abril de 2011, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
---	--

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31-03-2011.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 31 de marzo de 2011 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

Non habendo intervencións, quedan aprobadas por unanimidade dos membros presentes a acta da citada sesión coa corrección sinalada, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- SORTEO DOS COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS ELECCIÓNS LOCAIS DE 22 DE MAIO DE 2011.

A continuación procédese ao sorteo dos compoñentes das mesas electorais para as eleccións locais de 22 de maio de 2011, de acordo co establecido na lexislación electoral.

A continuación introdúcese por vía de urxencia o seguinte punto na orde do día, xustificándose a mesma polo Sr. Alcalde na necesidade que ten o fútbol base de dispor da subvención para facer fronte aos gastos de xogar a competición de ascenso nos vindeiros días:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

3. – MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN Nº 48 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PRORROGADO DA CORPORACIÓN PARA 2011.

En primeiro lugar procédese á votación da urxencia, resultando aprobada por unanimidade.

O Sr. Alcalde explica que iso foi unha petición do fútbol base porque está sendo un éxito o fútbol e teñen que xogar competicións de ascenso e pediron unha subvención para facer fronte aos desprazamentos e comidas. Manifesta que o seu grupo entende que hai que unificar o deporte, por iso o seu grupo propón para as seguintes eleccións facer un patronato. Se trata de unha petición illada que é conveniente apoiar a pesar de que algúns din que non hai nada na caixa.

Toma a palabra o portavoz do PP para manifestar que o seu grupo vai apoiar a proposta. Di que respecto ao que hai na caixa é básico que exista si se está utilizando o diñeiro que estaba previsto para outra asociación que xa non existe.

O portavoz do BNG anuncia que o seu grupo votará a favor porque son gastos previstos para deportes que non se gastaron e non vai ser por eles que se queden sen competir nesas finais. Lle di ao Sr. Alcalde que que o do patronato a boas horas se lle ocorre e lle alegra que saian á luz e que se poñan en práctica, xa que non se fixo.

O Sr. Alcalde di que no deporte o seu grupo puxo en marcha cinco pavillóns e tres campos de fútbol e o diñeiro da Deputación adicouse a facer o campo de fútbol, cando se podía adicar a outra cousa. O seu grupo en deportes fixo moito, non se fixo o patronato porque non era o momento e na actualidade hai mellores condicións. Recorda que tivo que ser presidente do club de fútbol Foz para que non desaparecera o clube e iso non pode volver a repetirse.

Non habendo mais intervencións apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro. – A modificación da base 48 das de execución do orzamento xeral prorrogado para o exercicio 2011 no relativo á **supresión das subvencións nominativas** previstas para o Fútbol Sala Feminino, polo desprazamento da súa sede ao Concello de Burela, e á Asociación Deportiva Cangas pola súa desaparición:

Fútbol Sala Feminino	Gastos funcionamento	341	489	5.500,00
Asociación Deportiva Cangas	Gastos funcionamento	341	489	4.500,00

Segundo. - A modificación da base 48 das de execución do orzamento xeral prorrogado para o exercicio 2011 no relativo á **introdución dunha nova subvención nominativa** a favor do Club Deportivo Foz con destino ao seu fútbol base co seguinte teor:

Club Deportivo Foz	Gastos funcionamento fútbol base, categorías infantil, cadete e xuvenil	341	489	7.000,00
--------------------	---	-----	-----	----------

Terceiro. - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación das bases de execución foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación das bases de execución será publicada no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

4.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 22 DE MARZO AO 15 DE ABRIL DE 2011.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 22 de marzo de 2011 ao 15 de abril de 2011 e que foron postas de manifesto á Secretaría, quedando enterados os señores asistentes.

B.- DACIÓN DE CONTA DO ESTADO ECONÓMICO DO CONCELLO.

O Sr Alcalde manifesta que hai un informe que encargou a intervención, que se transcribe a continuación:

“Asunto: Datos económicos e financeiros a data 08/04/2011 .

Emítase este **INFORME** a solicitude verbal do Alcalde da Corporación, de acordo co disposto no artigo 54 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, en relación cos seguintes puntos:

1. Situación das operacións de crédito a longo e curto prazo con entidades financeiras en data 08/04/2011.
2. Existencias na Tesourería municipal a data 08/04/2011
3. Débedas con provedores do exercicio e exercicios pechados a data 08/04/2011
4. Previsión de dereitos que se recoñecerán durante o exercicio 2011 na agrupación de orzamentos correntes e previsión de recadación destes durante o ano.

PRIMEIRO: En relación coas operacións de crédito e préstamo a curto e longo prazo vixentes deste Concello de Foz á data 08/04/2011, sinalar que o importe global pendente de amortización ascende a **1.786.909,05 euros**, que se distribúen de acordo co seguinte:

Código	Identificación da débeda	Longo prazo	Curto prazo	Total
17004	PRESTAMO BBVA 2001 (475.733,17).Nº 54426	89199,59	0	89199,59
17006	PRESTAMO CAIXANOVA 2002 (360.607,26).Nº540001694	105177,16	0	105177,16
17007	PRESTAMO CAIXAGALICIA 1999 (787.325,86).Nº4868-8	0,07	0	0,07
17008	PRESTAMO BSCH 2003 (388.000,00).NUM.15122	114636,42	0	114636,42
17009	PRESTAMO CAIXA GALICIA 2004 (379.920 €). Nº 5644-4	132972	0	132972
17010	PRESTAMO BCL 2005(387.000,00€).Nº95- 00044185856	164475	0	164475
17012	PRESTAMO BSCH 2006(583.345,67€). Nº1030015290	382501,31	0	382501,31
17013	PRESTAMO BSCH 2009 (78.205,27€) Nº 0015331 103 RDL 5/2009	56258,5	0	56258,5
52004	CORTO PLAZO PTMO 17004.BBVA 2001.Nº 54426	0	29733,33	29733,33



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

52006	CORTO PLAZO PTMO 17006.CAIXANOVA.Nº540001694	0	22537,95	22537,95
52007	CORTO PLAZO PTMO 17007.CAIXA GALIC1999.Nº4868.8	0	49207,86	49207,86
52008	CORTO PLAZO PTMO 17008.BSCH2003.Nº15122	0	26454,54	26454,54
52009	CORTO PLAZO PTMO 17009.CAIXAGAL.2004.Nº5644-4	0	28494	28494
52010	CORTO PLAZO PTMO 17010.BCL2005.Nº9500044185856	0	38700	38700
52012	CORTO PLAZO PTMO 17012.BSCH2006.Nº1030015290	0	48291,84	48291,84
52013	CORTO PLAZO PTO.BSCH Nº 1030015331	0	14649,64	14649,64
522	DEUDAS POR OPERACIONES DE TESORERÍA	0	483619,84	483619,84
	TOTAL	1045220,05	741689	1786909,05

O último apunte que figura corresponde á **operación de tesourería** asinada polo Concello de Foz no presente exercicio 2011 co BBVA, que foi contratada por un total de 700.000,00 euros, dos que unicamente se dispuxeron ata a data á que se refire o informe dos 430.784,09 euros que aparecen no listado, e que o Concello debe cancelar na súa totalidade o 31/12/2011 de acordo co disposto no Real Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

O **volumen de endebedamento** do Concello, calculado de acordo co artigo 53 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, tendo en conta os datos anteriores e tomando a opción máis conservadora de incluír toda a operación de tesourería concertada, fíxase por tanto nunha porcentaxe do **35,36%**, moi lonxe do límite do 110%.

SEGUNDO: De acordo coa solicitude de informe por parte da Alcaldía, o segundo punto refírese ás existencias na Tesourería municipal en data 08/04/2011, entendida esta polo conxunto de contas nas distintas entidades bancarias e a caixa da corporación. o conxunto destas existencias ascende a **515.738,62 euros** no momento sinalado, que se distribúen nas diferentes contas de acordo co seguinte:

	Existencia inicial	Cobros	Pagos	Existencia final
5700 CAJA DE LA CORPORACION BANCO BILBAO-VIZCAYA. Nº 0182 0626 20	1010,87	12503,41	3619,79	9894,49
57100 0000001285	46937,07	528186,94	573101,06	2022,95
57101 BBVA.Nº0182 6219 57 0200270229 CAIXANOVA.SANCIONES TRAFICO.2080 0510 22	107770,13	315118,84	299816,59	123072,38
57102 0040102137 B. SANTANDER CENTRAL HISPANO,S.A.C/C	1083,69	2614,17	0	3697,86
57103 0049 1229 55 2110011718 B.SANTANDER CENTRAL HISPANO 0049-1229-	60288,44	516	56339,69	4464,75
57104 53-2110140275 NOVACAIXAGALICIA. Nº 2091 0119 54	3012,27	1299,21	0	4311,48
57105 3110000045 B. GALLEGO (ESCUELA T.)0046 0264 73	282468,41	218739,55	290049,59	211158,37
57106 0000011000	31287,21	0	24447,76	6839,45
57107 BANCO PASTOR. Nº 0072 0211 11 0000100022 B.S.C.H. CTA.PRESTAMO 0049 1229 56	87265,56	0	80000	7265,56
57108 2010151226	0	0	0	0
57109 CAIXA GALICIA.CTA.2091 0119 53 3810016862 BANCO GALLEGO. Nº C/C 0046 0264 79	0	0	0	0
57110 0000010555 LA CAIXA. C/C 2100 4777 18	55439,1	6563,55	29315,4	32687,25
57111 0200029797.FIESTAS	888,64	5980	3186,6	3682,04



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

57112	BCL. CTA. DE PRESTAMO 1004 8058 82 0200271372	0	0	0	0
57113	NMAS1 GEST.MONET.ES15 0036 5777 1900 1511 4054	0	0	0	0
57114	BBVA. Nº 0182 6219 58 0201500178 BBVA. 0182 6219 52	83953,33	58044,29	137287,31	4710,31
57115	0101501385.CTA.TESORERIA	0	483619,84	483619,84	0
57118	LA CAIXA. CTA.2100-4777-11-0200001117	28810,35	11338,99	0	40149,34
57119	BANESTO. 0030 6398 03 0870000271	6222,86	20440,59	16238,46	10424,99
57121	CAIXANOVA.CTA. 2080 0510 27 0040100014 BSCH.CTA.TESORERIA 10049 1229 50	4092,09	28238,43	25768,78	6561,74
57122	2610157208 NOVACAIXAGALICIA. CTA. 2080 0510 29	0	0	0	0
57123	0040104184 BANCOS E INSTITUCIONES DE CREDITO CTAS	82658,75	248,91	67983,96	14923,7
573	RESTRINGIDAS RECAUDAC	0	0	0	0
5740	CAJA DE PAGOS A JUSTIFICAR	15222,13	25891,23	12141,4	28971,96
5741	CAJA FIJA CUENTAS RESTRINGIDAS DE PAGOS A	900	1332,23	1332,23	900
5750	JUSTIFICAR CUENTAS RESTRINGIDAS DE ANTICIPOS DE	0	0	0	0
5751	CAJA FIJA	0	0	0	0
5759	OTRAS CUENTAS RESTRINGIDAS DE PAGOS BANCOS E INSTITUCIONES DE CREDITO	0	0	0	0
577	CUENTAS FINANCIERAS	0	0	0	0
578	MOVIMIENTOS INTERNOS DE TESORERIA	0	242984,49	242984,49	0
TOTAL		899310,9	1963660,67	2347232,95	515738,62

Figura dentro das contas a 57115, que se corresponde coa operación de Tesourería citada no punto anterior, e que aparece ou debe aparecer con saldo 0 posto que de acordo coa operativa contable dótase co importe de que se dispón en cada momento para facer os correspondentes pagamentos.

TERCEIRO: As obrigas recoñecidas pendentes de pagamento con terceiros acredores orzamentarios á data de 08/04/2011 ascendían segundo os datos obtidos do programa de contabilidade municipal a un total de **1.532.394,04 euros**.

Este importe divídese en **733.766,62 euros** que corresponden a obrigas recoñecidas durante o exercicio 2011 (incluídas as correspondentes ao recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2011 aprobado en pleno de 31/03/2011), e **798.627,32 euros** que proveñen de exercicios pechados, sobre todo 2010 ao que corresponden 696.084,91 euros. Deste exercicio 2010 foron pagadas xa obrigas durante o ano actual por 1.284.414,41 euros.

	Obligaciones pendientes a 01/01/2011	Pagos realizados	Obligaciones pendientes pago a 08/04/2011
Ejercicio : 1991	5860,35	0	5860,35
Ejercicio : 1992	6571,05	0	6571,05
Ejercicio : 1994	10904,76	0	10904,76
Ejercicio : 1995	10948,37	0	10948,37
Ejercicio : 1996	3146,69	0	3146,69
Ejercicio :	1218,47	0	1218,47



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1997

Ejercicio :

1998 3719,86 0 3719,86

Ejercicio :

1999 1592,68 0 1592,68

Ejercicio :

2000 1016,3 0 1016,3

Ejercicio :

2001 701,93 0 701,93

Ejercicio :

2002 303,13 0 303,13

Ejercicio :

2003 438,39 0 438,39

Ejercicio :

2004 145,83 0 145,83

Ejercicio :

2005 538,9 0 538,9

Ejercicio :

2006 3282,37 0 3282,37

Ejercicio :

2007 11945,16 0 11945,16

Ejercicio :

2008 16276,82 60,38 16216,44

Ejercicio :

2009 24713,05 400 24313,05

Ejercicio :

2010 1980178 1284414,41 695763,59

TOTAL 2083502,11 1284874,79 798627,32

Salientar ademais que dentro das obrigas de exercicios pechados, como se pode comprobar na táboa anterior, figuran tamén un total de 47.106,71 euros que corresponden a anos anteriores a 2006, polo que poderían atoparse xa prescritas, debendo tramitarse o oportuno expediente de depuración de resultas onde se acredite dita circunstancia para poder ser dadas de baixa.

CUARTO: En relación cos dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio 2011, hai que dicir que esta previsión farase polo que subscribe en relación cos conceptos correspondentes a ingresos correntes, e dentro destes nos relativos aos capítulos 1, 2, 3, e 5, tendo en conta do capítulo 4 unicamente os relativos a participación en tributos do estado e fondo de cooperación da Xunta que son as subvencións das que se coñece o seu importe.

Deste xeito en primeiro lugar expóñense os resultados que se obtiveron nos exercicios precedentes, 2009 e 2010, e despois unha previsión ou estimación do que pode suceder no exercicio 2011:

CAPÍTULOS	D. R. 2009	D.R. 2010	P.D.R. 2011	RECADACIÓN 2011
1	1745074,53	1834171,19	1.928.080,76	1.689.191,55
2	93683,33	115352,31	103.868,88	103.868,88
3	990405,75	1032292,59	1.075.958,57	718.309,94
4	2151799,96	1.789202,38	1.973.962,37	1.973.962,37
5	92925,49	44846,5	44846,50	41.716,21
TOTAL	5.073.889,06	4.815.864,97	5.126.717,08	4.527.048,95

Como xa se sinalou, os datos relativos a 2011 constitúen unha estimación, realizada en función dos datos de exercicios precedentes e os que se posúen no exercicio actual.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Para o capítulo 1, onde o importe basicamente procede dos impostos de bens inmobles e vehículos, estímase un crecemento similar ao do exercicio precedente, aínda que é probable incluso que poda ser un pouco mellor o resultado, posto que foron dadas de alta novas unidades a través dos contratos asinados primeiro coa empresa VENTURO XXI e logo IBERCAT INGENIERIA SL.

Para o capítulo 2 realízase unha proxección ata o remate do exercicio do recoñecido nos tres primeiros meses do ano. Non obstante, dado que este capítulo está composto unicamente polo imposto de construcións, hai que ter en conta as posibles devolucións que podan ter lugar durante o exercicio, posto que xa tivo lugar algunha e existen máis solicitudes formuladas.

No capítulo terceiro onde se integran as taxas e prezos públicos estímase un crecemento similar ao do exercicio precedente.

Como xa se sinalou, no capítulo cuarto soamente se teñen en conta os importes relativos a PTE e fondo de cooperación autonómico, que son as transferencias de libre disposición das que se ten coñecemento do seu importe final. Ademais destes, durante o exercicio 2010 recoñecéronse ademais outros dereitos neste capítulo por importe de **850.668,55 euros**, que corresponden a subvencións e transferencias estatais, autonómicas e da deputación con finalidades e destinos concretos, dentro dos distintos programas financiados por estes entes.

No capítulo 5 estímase que o resultado no exercicio 2011 vai ser moi similar ao exercicio precedente, posto que da composición do mesmo dedúcese que, dado que xa non hai importes elevados depositados en contas a prazo ou correntes, os ingresos por xuros serán parecidos ao exercicio anterior, quedando por tanto como compoñente fundamental dos ingresos neste capítulo o canon ingresado por GESTAGUA SA pola concesión do servizo de abasto de auga, que se move en importes similares todos os anos.

Finalmente, para a previsión de recadación que se realiza, tómase en consideración a media de ingreso durante os derradeiros exercicios dos dereitos recoñecidos por capítulo, tendo en conta que no capítulo 4 ao considerar soamente a PTE e o Fondo de Cooperación a previsión e o 100%, xa que mensualmente se perciben os correspondentes importes.

Esta previsión refírese ao que ocorrerá durante o exercicio 2011, tendo en conta que do pendente a final de ano, no exercicio seguinte é previsible que se incrementen as porcentaxes de ingreso sobre todo nos capítulos 1 e 3, xa que o Padrón do IBI ponse ao cobro nos derradeiros meses do ano e as liquidacións da taxa por recollida de lixo dos bimestres finais tamén se ingresa a principios do seguinte.

É canto procede informar sobre este asunto dende esta intervención, que se somete a calquera outro parecer mellor fundado en dereito e, en todo caso, ao superior criterio do Órgano municipal competente que resolverá ou que estime máis axeitado para ou interese público”.

Engade que o que ten que ter un gobernante é a valentía de dicir como está a situación. Di que fixo un informe coma Delegado de economía, o que se transcribe a continuación:

“INFORME DO DELEGADO DE ECONOMIA E A SÚA VEZ ALCALDE DO CONCELLO DE FOZ, JOSE M^a GARCIA RIVERA, SOBRE O ESTADO ECONÓMICO DO CONCELLO DE FOZ A DATA 8 DE ABRIL DE 2011.

Este Alcalde e a súa vez Delegado de Economía do Concello de Foz, dende Xuño de 1995 ata a data do balance que presentamos, 8-04-2011, informa e da conta á Corporación Municipal, para que conste en acta do seguinte:

Este Alcalde e o seu equipo colleron o Concello de Foz en Xuño de 1995, existindo en primeiro lugar créditos e préstamos solicitados aos bancos polo Concello de Foz



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

gobernado polo P.P. a 31-12-94. (ollo cerrárase a 31-12-1994, é decir 5 meses antes de celebrar as eleccións municipais, cando aquí estamos a cerrar practicamente un mes antes das eleccións municipais) O total da débeda cós bandos era de 1.938.252,74 €, gobernando 6 anos.

A débeda que existe cós bancos neste momento, cunha xestión de goberno de 16 anos, é de 1.786.909,05 €, é decir descontáronse dos créditos pedidos polo goberno do Partido Popular a cantidade de 151.343,69 €.

Na caixa da Corporación Municipal, é decir o diñeiro contable existente na Caixa da Corporación e nos bancos da praza era practicamente daquela cero.

Hoxe tanto na caixa da Corporación como nos bancos da praza, hai unha existencia de 515.738,62 € (aparte a operación de tesorería solicitada por 700.000 €, non tendo nada que ver con este saldo dos bancos).

As facturas que o Concello tiña pendentes de pago na xestión do Partido Popular ata o ano 1995, era de 1.545.339,68 € (ollo, ata o 31-12-1994).

E as facturas que están sen pagar por este goberno a 8-04-2011, suman 1.532.394,04 €, é decir imaxinémonos que o equipo de goberno da miña presidencia, pagou todo o que encargou durante estes dezaseis anos, e a maiores aínda descontou da débeda que nos deixaron o equipo de goberno do Partido Popular en 12.945,64 €.

Tamén temos que falar de que o noso Concello non cobrou nin un só imposto deste ano 2011, pero sí realizou unha cifra contable de canto realmente se pode cobrar en período voluntario, cantidade estimativa calculada polos ingresos reais do 2010, e esa cifra é de 4.527.048,95 €, que servirán para pagar as obrigas do Concello, incluída a facturación pendente.

No ano 1995 o noso Concello tiña un volume de endebedamento que superaba o 110%, pois ben podemos decir que a data 8-04-2011, o volume de endebedamento deste equipo de goberno está no 35,36%, é decir máis de 75 puntos por debaixo do permitido pola Lei Xeral, que é o 110%, subido ao 120% neste ano 2011 por mor da crises existente.

O equipo de goberno do Concello de Foz durante estes dezaseis anos tocoulle realizar casi todos os edificios públicos, infraestructuras básicas do noso Concello, así se realizaron as seguintes obras: Casa da Cultura, Centro Social, Centro de Saúde, Estación de Autobuses, Piscina Climatizada, 2ª Gardería para Foz, compra do solar do Bahía, Casa da Xuventude, saneamento integral no 80% do medio rural, abastecemento de augas integral ás parroquias de San Martiño, Sta. Cecilia, S. Acisclo, e os ramales a practicamente todos os barrios e lugares aislados do noso Concello, rexeneración total e absoluta do alumeadado público, reelectrificacions, construción de dous Campos de Fútbol, construción e



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

remodelación de 5 pavillóns deportivos, compra de un piso para local do Xulgado de Paz, remodelación e construción de Centros Sociais no medio rural, construción

das dependencias da Policía Local, reparación integral da rede viaria, construción de beirarrúas no casco urbano, construción do parque infantil de tráfico, construción de 5 parques dotados de mobiliario urbano e xogos para nenos, posta en marcha da Aula da Natureza, construción de pantaláns e beirarrúas novas no muelle de Foz, construción dunha nave municipal no Polígono Industrial de Fazouro, construción de varios paseos marítimos, construción e posta en valor do río Ouro, incluída a obra pía, construción do Centro de Interpretación da Mariña de Lugo e moitísimas obras máis de índole menor que serían a súa descrición moi ampla.

RESUMEN DA XESTION DOS SEIS ANOS DE GOBERNO DO PARTIDO POPULAR E RESUMEN DA XESTIÓN DOS DEZASEIS ANOS DOS GOBERNOS MUNICIPAIS PRESIDIDOS POLO ALCALDE JOSE M^a GARCIA RIVERA

- Xestión do Goberno do P.P.. .. 3.483.592,42 € (préstamos e facturas pendentes de pago)

- Xestión dos goberno 3.319.303,09 € (préstamos e facturas pendentes de pago)

Diferencia a favor dos equipos de gobernos municipais presididos polo Alcalde José M^a García Rivera, de 164.289,33 €.

A maiores quedan na Caixa da Tesorería e nos bancos da praza a cantidade de 515.738,62 €.

NOTA. Os datos que manexa o Alcalde José M^a García Rivera referente a estes dezaseis anos de xestión, son do informe de Intervención Municipal emitido o 15 de abril de 2011, con toma de razón do Alcalde-Presidente, José M^a García Rivera, que asina o presente en Foz a vintecinco de Abril de dous mil once, entregando unha copia a cada Grupo Político da Corporación Municipal (PSOE, PP e BNG)“.

Prosegue dicindo que el pode perder ou gañar as eleccións, pero pódese ir coa conciencia tranquila e ninguén pode dicir nada e quere felicitar ao equipo de goberno pola boa xestión; en lugar de subir o endebedamento o baixaron. Di que iso quedará rexistrado porque, coma ninguén pode saber o que pode pasar nunhas eleccións, non veña ninguén dicindo que o deixaron sen nada. Espera que agora os datos os manexen coma teñen que manexalos, sen facer interpretacións torticeiras. Continúa dicindo que el fixo o que considerou o mellor para o veciño e intentando aforrar ao máximo posible. Da traslado de dous escritos da Xunta, con dúas novas desagradables, aos que di que xa están acostumados, a recibir novas desas da Xunta, e que é que as festas do Bispo Santo e do Carne non as declaran de interese turístico.

O portavoz do BNG reclama un turno de réplica.

Contéstalle o Sr. Alcalde que non, que é dación de contas.

C.- MOCIÓNS.

Non se presentan mocións.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

D.- ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS.

Non se presentan preguntas por ningún grupo.

ROGOS.

O portavoz do BNG realiza o seguinte rogo:

1) Lle pide ao Sr. Alcalde que cando fale de cifras non as diga sesgadas, e cando pida un informe non o pida tan concreto que non lle deixe ver o bosque. Exclama que valgalle Deus se teñen que remitirse ao informe. Di que non existe remanente se meten a débeda extraordinaria. O balance dos últimos tres anos é negativo, meten coma ingresos débedas que o Concello nunca vai cobrar e seguiu meténdose nos orzamentos. Recorda que se aprobou facer un plan de saneamento e non o fixo.

O Sr. Alcalde lle pregunta cal é o rogo.

O portavoz do BNG lle di que non engane á xente, si se segue a ese ritmo non se poden pagar novos servizos e quizais os existentes.

O Sr. Alcalde contéstalle que iso será se goberna o BNG, pero non se goberna el. Insta ao portavoz do BNG que mire no informe tres datos que son os que interesan aos cidadáns e lle di que carrete votos para o PSOE que pode gobernar vinte anos mais. Explica que o outro día preguntábanlle en Barreiros coma fixeran para dar saneamento a todos, xa iso custaba unha millonada. Prosegue dicindo que hai que facer as cousas con cabeza, di que non se meteron con ninguén e teñen que aguantar as cousas ás veces. Conclúe que pedíuselle ao interventor un informe sobre as catro cousas mais importantes do Concello.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas do vintecinco de abril de 2011, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.